



## FONDO SOLIDARIO LIBROS DE TEXTO AXUDAS MATERIAL ESCOLAR CURSO 2017/18

Orde do 16 de maio de 2017 (DOG 22 de maio de 2017)

		LIBROS DE TEXTO A GARANTIR POLO FONDO <sup>1</sup>
<b>FONDO SOLIDARIO LIBROS DE TEXTO ESO</b> <u>Asignación de libros por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata esgotar existencias.</u> Preferencia alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%	Renda per cápita ata 5.400 €	6
	Renda per cápita superior a 5.400 € e igual ou inferior a 9.000 €	4
	Alumnado en <i>situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%</i>	6 (independentemente da renda)
		<b>IMPORTE DO VALE</b>
<b>VALE MATERIAL ESCOLAR ESO</b>	Renda per cápita ata 5.400 €	50 €
	Alumnado en <i>situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%</i>	50 € (con independencia da renda)

### OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

- Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2016/17.  
**Prazo máximo para devolución dos libros de texto do curso 2016/17:**
  - Con carácter xeral: 23 de xuño de 2017,**
  - Alumnado de ESO que teña algunha materia pendente: poderá **quedarse co libro correspondente ata que se examine e, como máximo, ata o 7 de setembro de 2017.****
- Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo ou adquirido coas axudas para libros no curso escolar 2017/18 e devolvelos ao rematar este.
- Destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto que indique o centro no que estea matriculado o alumnado.
- Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.
- Respectar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### PROCEDEMENTO

- As solicitudes (Código: ED330B) presentaranse polos pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado. **Será única para todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2017/18, especificando o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no dito curso.** As solicitudes deberán presentarse en soporte papel, preferiblemente no centro docente. Serán facilitadas na Secretaría e estarán dispoñibles no portal educativo: <http://www.edu.xunta.es>  
Cando o alumnado, no momento de presentar a solicitude, aínda non estea admitido en ningún centro docente para o curso 2017/18, deberá presentala no centro en que estivese matriculado no curso 2016/17.
- Prazo de presentación de solicitudes: ATA O 23 DE XUÑO DE 2017 (ESTE INCLUÍDO).**  
**IMPORTANTE: TODO O ALUMNADO TEN QUE PRESENTAR SOLICITUDE NESTA DATA (INCLUSO NO CASO DE TER MATERIAS PENDENTES PARA SETEMBRO)**

<sup>1</sup> Esgotados os libros dispoñibles no fondo solidario, o centro docente adquirirá os libros de texto complementarios que sexan necesarios para garantir 6 ou 4 libros segundo a renda per cápita familiar.



**O alumnado que repita 4º da ESO e aquel que non obteña praza en formación profesional básica no curso 2017/18 e formalice matrícula no curso de ESO que lle corresponda, cando non tivese presentado solicitude de participación no fondo solidario e a solicitude para adquirir material escolar no prazo indicado, tamén poderá presentala no prazo dun mes desde a formalización da matrícula.**

3. **Documentación a presentar (con validez no momento da presentación)**<sup>2</sup>. Fotocopias e orixinais para verificar a autenticidade.
  - a. **Copia do libro de familia no que figuren todos os membros computables da unidade familiar.** No caso de non ter libro de familia ou este non reflecta a situación a 31/12/2015, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:
    - Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a custodia do/da menor.
    - Certificado ou volante de convivencia.
    - Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello de residencia.
  - b. **Certificado do grao de discapacidade de calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.**
4. **Cálculo da renda per cápita da unidade familiar.**

**Recadros 380+395 da renda 2015 dividido entre os membros computables da unidade familiar**  
(Computan por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas)

Declaración non presentada: teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

**Determinación da unidade familiar a 31/12/2015:**

- Pais non separados legalmente nin divorciado ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
  - Fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados.
  - Fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
  - Fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
  - Proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman una unidade familiar cos fillos que teñen en común.
  - Persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a
5. **Listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas Fondo Libros:** 14 xullo 2017.
  6. **Reclamación listaxe provisional Fondo Libros:** 2 días seguintes á publicación da listaxe provisional.
  7. **Listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas Fondo Libros:** 15 setembro 2017.
  8. **Entrega dos libros do Fondo Libros:** **a partir do 15 de setembro de 2017** e, en todo caso, antes do 29 de setembro. O centro entregará un documento xustificativo dos libros entregados.
  9. **Vales de Material Escolar:** o centro xerará un vale selado e asinado pola directora que será entregado ao solicitante (quen poderá adquirir material escolar nos establecementos rexistrados).
  10. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15.2.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **a listaxe provisional e definitiva de persoas beneficiarias de libros de texto do fondo solidario publicarase no taboleiro de anuncios e/ou páxina web do centro docente**, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

<sup>2</sup> Consultarase automaticamente:

- DNI/NIE.
- Declaración do IRPF ou certificado tributario de imputacións no exercicio 2015.
- Grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia
- Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33 %).

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo e achegar os documentos.